

## BATERÍA DE ACTIVIDADES PARA OS CONTOS.

- 1 Reproducir o título do conto (utilizar ficha adxunta)
- 2 Recoñecer no título do conto as letras do nome do familiar que eles/as elixan.
- 3 Transformarse nun personaxe do conto e debuxarse nunha escena do mesmo (ficha adxunta).
- 4 Contar as letras do título e modelar con plastilina, masa, etc o número de letras do conto.
- 5 Debuxar a personaxe principal do conto ou a que máis lle gustou (utilizar ficha adxunta).
- 6 Crear de xeito plástico unha nova portada para o conto, xa sexa debuxando, facendo collage, con pintura, ou como vos desexedes (utilizar ficha adxunta).
- 7 Contar cantas personaxes saen no conto e debuxar tantos puntos e/ou escribir o seu número (utilizar ficha adxunta).
- 8 Cambiar o título do conto e escribir un novo (utilizar ficha adxunta).
- 9 Debuxar que emoción sentiron despois da lectura /visionado do conto Plasma a emoción que te fixo sentir mediante unha foto onde se mostre o teu estado de ánimo, debuxo, collage,... e escribe o sentimento (utilizar ficha adxunta).
- 10 A partir da portada imaxinar de que vai tratar o conto.
- 11 Crear un final novo para o conto ( poden escribilo, debuxalo, etc. sos ou coa axuda) para elo, podedes lerllo e deixar o final pendente de xeito que eles se imaxinen o remate do conto (utilizar ficha adxunta).
- 12 Meterse dentro dunha escena do conto. Debuxala e contar que pasou (utilizar ficha adxunta).
- 13 Dramatizar unha personaxe do conto para que os demais adiviñen cal é.
- 14 Fai un sorteo coas letras do abecedario e busca palabras que comecen ou que a conteñan e escríbeas ou debuxas na ficha (ficha adxunta).